

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL**

EXTRACTO da Orde do 25 de maio de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan os premios extraordinarios de bacharelato correspondentes ao curso 2025/26 (código de procedemento ED311A).

BDNS (Identif.): 908659.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións:

<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/908659>

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

Alumnado que finalice os estudos de bacharelato no curso 2025/26 nun centro docente da Comunidade Autónoma de Galicia, ben na modalidade presencial ou na modalidade a distancia, sexa proposto para título na convocatoria ordinaria do dito curso e obtivese unha nota media do bacharelato igual ou superior a 8,75.

Segundo. *Obxecto*

Convocar na Comunidade Autónoma de Galicia os premios extraordinarios de bacharelato (código de procedemento ED311A) para o alumnado que finalice os estudos de bacharelato no curso 2025/26 nun centro docente da Comunidade Autónoma de Galicia e cumpra os requisitos establecidos nesta orde.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 25 de maio de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan os premios extraordinarios de bacharelato correspondentes ao curso 2025/26.

Orde ECD/482/2018, do 4 de maio, pola que se regulan os premios nacionais de bacharelato establecidos pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (BOE núm. 115, do 11 de maio).



Cuarto. *Importe*

Vinte premios extraordinarios cunha dotación global de 20.000 €. Cada premio estará dotado con 1.000 €.

Quinto. *Características do procedemento de solicitude dos premios*

O procedemento de solicitude para optar aos premios extraordinarios de bacharelato terá dúas fases diferenciadas:

1. Na primeira fase, o alumnado deberá solicitar primeiramente a matrícula na proba PEB.
2. Na segunda fase, unha vez publicadas as cualificacións definitivas na proba PEB, o alumnado deberá formalizar unha solicitude para optar á subvención do premio extraordinario de bacharelato.

Sexto. *Prazo de presentación de solicitudes*

1. Na primeira fase, matrícula na proba PEB, o prazo de presentación de solicitudes será de cinco (5) días hábiles contados desde o día seguinte á publicación desta orde.
2. Na segunda fase, solicitude para optar á subvención do premio extraordinario de bacharelato, o prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes a partir do día seguinte da publicación das listaxes de cualificacións definitivas da proba PEB.

Santiago de Compostela, 25 de maio de 2026

O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional
P.D. (Orde do 5.6.2024; DOG núm. 114, do 13 de xuño)

Manuel Vila López

Secretario xeral técnico da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades
e Formación Profesional

